

# Servizos GNU/Linux

- **Instalar servizo (como outro paquete calquera):**

```
# apt update || apt-get update #Actualizar repositorios declarados no ficheiro /etc/apt/sources.list e nos ficheiros existentes no directorio /etc/apt/sources.list.d
```

Así, unha vez realizada a consulta dos ficheiros existentes nas rutas anteriores, descárganse uns ficheiros coas listas de paquetes posibles a instalar. Estes ficheiros son gardados en `/var/lib/apt/lists`

```
# apt search pattern || apt-cache search pattern #Buscar nas anteriores listas baixadas en /var/lib/apt/lists paquetes que coincidan co patrón de búsqueda pattern. A saída do/s comando/s amosan o nome do/s paquete/s e unha pequena descrición do/s mesmo/s.
```

O comando non precisa ser lanzado con permisos de `root` xa que o directorio `/var/lib/apt/lists` ten acceso de lectura e execución para calquera usuario do sistema, e os ficheiros que aí se atopan tamén teñen permisos de lectura para calquera usuario do sistema. Polo tanto, unha vez realizada a actualización dos repositorios, un usuario sen permisos de `root` podería executar:

```
$ apt search pattern || apt-cache search pattern
```

```
# apt -y install packageName || apt-get -y install packageName #Instalar un Servizo mediante a instalación do paquete de nome packageName. Co parámetro -y automaticamente asumimos yes a calquera pregunta que ocorra na instalación do paquete.
```

- **Accións(action) sobre o servizo:** As accións que normalmente se poden realizar cun servizo son: {start|stop|reload|force-reload|restart|try-restart|status}

- **start** → arrancar
- **stop** → parar
- **reload** → recargar o ficheiro de configuración
- **force-reload** → recargar se o servizo o permite o ficheiro de configuración. Se non o permite reinicia o servizo para que teña lugar a nova configuración
- **restart** → reiniciar, é dicir, paro o servizo no caso que esté arrancado, e arráncao. Se non está arrancado soamente o arranca.
- **try-restart** → reiniciar, é dicir, reinicia o servizo se este xa está arrancado. No caso que non estea arrancado non fai nada.
- **status** → revisar o estado

Estas accións poder executarse con diversa sintaxe según o comando empregado. Así, considerando o nome do servizo como *serviceName* e a acción a realizar como *action*, poderían executarse as accións como segue:

- Mediante a execución **/etc/init.d:**

```
# /etc/init.d/serviceName action
```

- Mediante a execución **service:**

```
# service serviceName action
```

- Mediante a execución **invoke-rc.d:**

```
# invoke-rc.d serviceName action
```

- Mediante a execución **systemctl:**

```
# systemctl action serviceName
```

- **Desinstalar servizo (como outro paquete calquera):**

```
# apt -y remove packageName || apt-get -y remove packageName #Eliminar un Servizo mediante a desinstalación do paquete de nome packageName. Co parámetro -y automaticamente asumimos yes a calquera pregunta que ocorra na desinstalación do paquete. IMPORTANTE: Con remove NON SE ELIMINAN os ficheiros de configuración do paquete desinstalado.
```

```
# apt -y purge packageName || apt-get -y purge packageName #Eliminar un Servizo mediante a purga do paquete de nome packageName. Co parámetro -y automaticamente asumimos yes a calquera pregunta que ocorra na desinstalación do paquete. IMPORTANTE: Con purge SI SE ELIMINAN os ficheiros de configuración do paquete desinstalado.
```